Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Música Tradicional

Optativa de 6º curso de Grao Profesional

Inclúe anexos de adaptación ás Instruccións do 1 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021-22.

Curso escolar 2021/22

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE MÚSICA TRADICIONAL CURSO 2020/21

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA NA MATERIA DE MÚSICA TRADICIONAL.
2. XUSTIFICACIÓN.
3. OBXETIVOS.
4. CONTIDOS.
5. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA E RECURSOS MATERIAIS).
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.
7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.
8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.
9. PROBAS EXTRAORDINARIAS.
10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
12. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN.
13. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN.
14. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.
15. Anexos de adaptación ás Instruccións do 1 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021-22.

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA NA MATERIA DE MÚSICA TRADICIONAL.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constituen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do departamento de vento no Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

2. XUSTIFICACIÓN DA MATERIA DE MÚSICA TRADICIONAL.

Enmarcada no derradeiro curso de grao profesional, esta asignatura pretende ser unha introducción á materia de organoloxía dos instrumentos de outras tradicións culturais diferentes á occidental, como maneira de aproximarse ás músicas do mundo para aprender a coñecelas e a valoralas desde unha perspectiva aberta.

A materia ofértase para todas as especialidades instrumentais. As sesións serán de unha hora semanal.

Preténdese crear unha dinámica de taller para experimentar colectivamente, onde a partires dunha serie de liñas mestras, o propio grupo poderá ir perfilando o trazado da materia tendo en conta os intereses propios. Ademáis, preténdese dotar ao alumnado dunha serie de ferramentas básicas que lles permitan desenvolver experiencias de investigación etnomusicolóxica.

3.OBXECTIVOS:

A ensinanza de Música Tradicional como asignatura optativa no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Fomentar o interese polas manifestacións musicais diferentes á nosa propia, facendo fincapé na educación para a tolerancia e o respeto ao feito diferencial.
2. Despertar a creatividade a través de distintos recursos como a escoita activa, a análise de fragmentos musicais, a lectura de textos e actividades de creación e experimentación musical.
3. Despertar a curiosidade polos instrumentos e as músicas de diferentes tradicións musicais, aprendendo a poñelas en valor no seu contexto etnográfico.
4. Activar a curiosidade polos procesos creativos de todo tipo de expresión artística.
5. Realizar experiencias de asociación musical.
6. Descubrir o discurso musical propio como expresión xenuina e única.
7. Traballar en grupo, experimentando tódolos procesos de construcción en equipo e valorando o traballo en taller como ferramenta de enriquecemento persoal e musical.
8. Coñecer mecanismos de expresión tanto do propio instrumento coma dos demáis.

4. CONTIDOS

Os contidos na materia de música tradicional do 6º curso de grao profesional son os seguintes:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

1. A clasificación dos instrumentos musicais. Diferentes tipos de clasificación. Clasificación de Sachs-Hornbostel.
2. Instrumentos idiófonos.
3. Instrumentos membranófonos.
4. Formacións instrumentais no mundo I.

5. Introducción á investigación etnomusicolóxica I.

SEGUNDO TRIMESTRE:

1. Instrumentos aerófonos.
2. Instrumentos cordófonos.
3. Formacións instrumentais no mundo II.
4. Introducción á investigación etnomusicolóxica II.

TERCEIRO TRIMESTRE:

1. Instrumentos eléctricos e electrónicos.
2. Instrumentos mecánicos e automáticos.
3. Formacións instrumentais no mundo III.
4. Introducción á investigación etnomusicolóxica III.

Exercicios:

- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
- Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical.
- Audicións comentadas de diverso material sonoro.
- Lectura de textos etnomusicolóxicos.
- Elaboración de obradoiros musicais coa temática propia de cada unidade didáctica.

5. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA E MATERIAIS)

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, adquirir un coñecemento básico das manifestaccións musicais procedentes doutras culturas diferentes á nosa a través do coñecemento dos seus instrumentos musicais principais, as diferentes escalas empregadas, a forma musical e a finalidade da música dentro desa cultura.

A través deste proceso pretendemos que o alumno aprenda a valorar outras manifestacións musicais dentro do seu contexto particular, fomentando en todo momento a creatividade e a significatividade que esta aprendizaxe poda ter para a súa carreira profesional.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios escritos
- Análise de partituras variadas e progresivamente máis complexas.
- Audicións comentadas
-Lectura de diversos textos etnomusicolóxicos.
-Interpretación de diversas obras propostas coa voz, no instrumento principal ou en otros.

A metodoloxía apoiaráse nos seguintes principios:

- A formación individual e personalizada.
-O traballo como parte dun grupo.
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- A formación e desenvolvemento do espíritu crítico
-O desenvolvemento da capacidade de valorar manifestacións culturais máis ou menos afastadas da nosa propia.
- Desenvolvemento da creatividade
- A orientación educativa

RECURSOS MATERIAIS:

1) Bibliografía orientativa

- Camara de Landa, E. (2004). Etnomusicología.Madrid: Instituto Complutense de Ciencias Musicales. ICCMU
- Tranchefort; F.R (1985). Los instrumentos musicales en el mundo. Alianza Música
- Cruces, F. (2001).Las culturas musicales: lecturas de etnomusicologia. Trotta.
- Nettl, B. (1985).Música folk y tradicional de los continentes occidentales. Alianza Editorial.
- Reynoso, C. (2006).Antropología de la música: de los géneros tribales a la globalización
- Herrero, J. A. M. (1997).Manual de antropología de la música. Amarú Ediciones
- .Bartók, B. (1979).Escritos sobre música popular. Siglo XXI.

2) Material audiovisual:

Proxector, equipo de son, ordenador de profesor, ordenadores para os alumnos (en determinadas actividades)

2) Medios Técnicos:

- Equipo de música
- Ordenador
- Piano
- Encerado
- TV, Video / DVD.
- Piano

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

Criterios de avaliación para o 1º, 2º e 3º trimestres:

1. Valorar o discurso musical próprio e alleo como expresión xenuina.
2. Amosar curiosidade por coñecer as diferentes tradicións musicais a través dos seus

instrumentos e procesos creativos.

3. Demostrar coñecemento teórico das posibilidades de expresión dos distintos intrumentos.
4. Amosar coñecemento das diferentes manifestacións culturais nas que se insire unha práctica instrumental determinada.
5. Mostrar actitude crítica e unha boa fundamentación e exposición dos argumentos propios á hora de realizar audicións comentadas ou comentarios en textos escritos.
6. Actuar como membro dun grupo, sendo capaz de asumir distintas funcións.
7. Amosar unha actitude aberta e sen prexuizos ante calquera manifestación artística.

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os principais procedementos de avaliación serán:

- Asistencia a clase con regularidade e participación activa en cada unha das sesións. Este aspecto é fundamental debido ao plantexamento da asignatura no que o traballo grupal cobra grande importancia.
- Escoita activa dos materiais sonoros e posta en valor dos mesmos
- Realización dunha carpeta de traballos, tipo investigación ou recensións sobre determinados textos ou audicións, entregados en tempo e forma

A valoración da asistencia a clase e a participación activa en cada unha das sesións, así coma os traballos entregados e/ou expostos polos alumnos suporá na nota do trimestre un **50% da nota final.**

A realización de probas trimestrais de avaliación. Esta/s proba/s consistirá/n no recoñecemento e clasificación de instrumentos musicais de diferentes culturas, ademáis dun ou varios comentarios sobre audicións propostas na clase. O tempo para a realización da proba será de unha hora. **A súa valoración na nota do trimestre será dun 50%.**

No caso da perda da avaliación continua (catro faltas de asistencia) o alumnado perderá o dereito as probas obxectivas trimestrais e deberá realizar unha proba única no mes de maio, que consistirá no recoñecemento e clasificación de instrumentos musicais de diferentes culturas a partir do material exposto na clase durante o curso, ademáis dun ou varios

comentarios sobre audicións propostas na clase. O alumno deberá ademáis entregar uns traballos (mínimo 3), a determinar polo docente dos contidos da materia. Para unha avaliación positiva desta proba o alumnado deberá ter un 5 na proba obxectiva, así como un 5 nos traballos propostos: a ponderación destas notas será dun 50% e 50% respectivamente.

A duración desta proba non excederá de 60 minutos e será convocatoria única.

8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A materia de música tradicional ten unha avaliación continua, polo que a recuperación das probas obxectivas realizadas na aula realizaránse no seguinte trimestre.

Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase unha proba final que consistirá no recoñecemento e clasificación de instrumentos musicais de diferentes culturas, ademáis dun ou varios comentarios sobre audicións propostas na clase (50% da nota final) e a entrega duns traballos (mínimo 3), a determinar polo docente dos contidos da materia (50% da nota final). A proba realizaráse no mes de maio na aula e no horario correspondente á materia a recuperar. A nota final da materia constará: desta proba obxectiva (50%) así como os exercicios ou traballos do último trimestre(50%).

8. PROBAS EXTRAORDINARIAS

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario do curso 2021/22 nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo entre os días 13 e 17 de xuño de 2022.

A proba extraordinaria consistirá en:

- Realización dunha proba que consistirá no recoñecemento e clasificación de instrumentos musicais de diferentes culturas a partir do material exposto na clase durante o curso, ademáis dun ou varios comentarios sobre audicións propostas na clase. O alumno deberá ademáis entregar uns traballos (mínimo 3), a determinar polo docente dos contidos da materia.
- Esta proba constará dun tempo máximo de 60 minutos para a súa ralización.

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia de Música tradicional reflexados na programación. Este apartado valoraráse coma o 60% da nota final.

- Avaliaráse a orixinalidade, creatividade e sólida fundamentación teórica dos traballos escritos entregados, o que suporá o 50% da nota final.

10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra poderase conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007,do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.

b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Vento, a instancia do profesorado que imparte a materia de música tradicional.

c) As propostas do departamento elevaránse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de Música Tradicional; ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade...

Por estas razóns, no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo,sexan como reforzo ou ben como ampliación.

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen perxudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo.

Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario.

Se algún membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá buscalo mediante as titorías.

12.ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

Tendo en conta as características da materia de música tradicional, e o seu lugar dentro

do curriculo do alumnado, o departamento de vento procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como a asistencia a algunha audición durante o curso que conste de especial interese para os fins da asignatura, así coma outras posibles actividades relacionadas coa materia.

3.DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así coma os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións,capacidades, etc.

O profesor informará aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da sua evolución.

Asimesmo, tentaráse manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

14. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de música tradicional, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo,interese no estudo, etc.

Comentásense regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

Trasladaránse á comisión de coodinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software,mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistrais,dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

15. ANEXOS:

Os presentes anexos inclúense para adaptar a programación ás Instruccións do 1 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021-2022.

ANEXO I

Avaliación inicial no 6º curso de G.P

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020-21.

c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

ANEXO II

Actividade lectiva semi-presencial

Polas características especiais das nosas ensinanzas, a actividade lectiva semipresencial, só se contempla no caso de que as autoridades sanitarias e educativas impoñan o réxime de corentena a un ou varios alumnos dun grupo, ao grupo completo ou ao profesor ao longo do presente curso.

Xa que logo o aula onde se imparten as clases da optativa de música tradicional, permite garantir o necesario distanciamento social para minimizar os riscos de contaxio e conta cos materiais adecuados para a desinfección dos postos do alumnado e do profesorado así como dispón dunha correcta ventilación, a actividade lectiva semi-presencial só se contempla en caso de producirse algún positivo confirmado na Covid-19 e sempre que as autoridades obriguen a gardar corentena aos contactos estreitos.

En tal caso, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado e de ser necesario, axustar os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación en función da duración do illamento sanitario.

As ferramentas a utilizar para manter o contacto telemático en caso de actividade lectiva semi-presencial, serán as mesmas que se utilizan para a actividade lectiva non presencial.

ANEXO III

Actividade lectiva non presencial

No caso de que as autoridades decretasen unha nova suspensión xeral das actividades lectivas no noso centro ou en algún grupo concreto do mesmo, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado e de ser necesario, axustar os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación en función da data na que se decretase tal esceario.

Ao non dispor no noso concello dunha plataforma on-line propria para o desenvolvemento da actividade telemática, o profesorado utilizará preferentemente aplicacións gratuítas (Skype, Zoom, Classroom, E-mail, WhatsApp, Telegram ou similares).

O profesorado deberá identificar os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsables do concello dun sistema de comunicación alternativo que minimice a fenda dixital.

Modificacións nos procedementos de avaliación:

Ao tratarse dunha asignatura con avaliación contínua, os traballos realizados de xeito telemático serán avaliados de xeito global para a superación, ou non, da asignatura.

Non se realizarán exames presenciais. O traballo telemático, valorado de xeito global, sustituirá ao exame final.

Os criterios de avaliación, serán os que figuran na programación oficial da asignatura e poden ser consultados na páxina web do concello de Carballo.

Chegado o caso, e en función do momento no que se produza unha hipotética situación de suspensión da actividade presencial, o profesorado poderá axustar a presente programación didáctica para atender aos contidos máis básicos e imprescindibles da mesma.